



Unha nova vida para as cetarias do Sarridal

O Ministerio de Transición Ecolóxica comezou xa as obras de recuperación das antigas cetarias do Sarridal, un proxecto que o Concello de Cedeira recuperou despois de levar máis de dez anos parado. O investimento, de 340.600€, vai dirixido tanto á recuperación das propias estruturas como á creación duns accesos que permitirán achegarse a elas, a pé do mar, e tamén observalas desde un mirador no

alto do cantil. Alí haberá un panel informativo sobre como era o traballo nestas piscinas nas que se gardaba e engordaba o marisco para a súa distribución ao resto do país. Nunha recente visita, o xefe de Demarcación de Costas, Rafael Eimil, asegurou que o proxecto de rexeneración da praia da Madalena estará en marcha para o vindeiro ano, unha vez convocada e resolta a licitación das obras.

Páxina 3

A vila de Cedeira convértese en plató de cine

A enorme repercusión que xa tivo a presentación ante os medios de comunicación da serie televisiva *Rapa* -que se celebrou o pasado 5 de outubro no Auditorio- dá unha idea do impacto da serie cando se emita en Movistar+. O Concello de Cedeira confía en que significará un impulso para a atracción de



turismo nacional e internacional ao municipio. A veciñanza acolleu con interese e gran expectación a chegada do equipo de rodaxe e do actor principal, Javier Cámara e a actriz Mónica López.

Páxina 2

sumario

» A Serra da Capelada estreará a primeira vía ferrata de Galicia Páx. 2



» Intensifícanse as obras e novas licitacións despois da campaña estival Páx. 4 e 5

» O Concello desenvolveu este ano unha terceira campaña arqueolóxica no Castro Sarridal Páx. 6



» A ampliación do Centro de Saúde, entre os proxectos prioritarios do Sergas para o vindeiro ano Páx. 6

» Aprobado no pleno por unanimidade o primeiro Plan de igualdade do Concello de Cedeira Páx. 7

A serie *Rapa* converte Cedeira nun destino turístico de cine

A vila de Cedeira, coas súas tradicións milenarias e as súas espectaculares paisaxes, é protagonista en *Rapa*, a nova serie do director Pepe Coira para Movistar+. Todo apunta a que o dezo do produtora Portocabo é repetir o éxito de *Hierro*, que foi a máis vista da devandita plataforma este ano, empregando a mesma fórmula: contar unha trama de misterio e darlle autenticidade enlazándoa coa cultura e a idiosincrasia particular dun territorio. De aí que o goberno local confíe en que a emisión dos capítulos que están a rodar na vila teña como consecuencia, ao igual que sucedeu na illa canaria, un impulso importante para o turismo nacional e internacional.



O Auditorio de Cedeira acolleu o pasado día 5 de outubro a presentación de *Rapa*, nun acto que contou cos protagonistas, o actor Javier Cámara e a actriz Mónica López, e que tivo unha amplísima repercusión en medios de comunicación de toda España. Na rodaxe, que se está a desenvolver desde

o mes de setembro nas rúas da vila e tamén noutros lugares do municipio, como é A Capelada, fan de “extras” moitos veciños e veciñas de Cedeira. Ao igual que a veciñanza, o Concello está a colaborar coa produtora para facilitarlle o traballo e contribuír a proxectar a mellor imaxe desta terra.

As visitas volveron ás cifras da prepandemia

O número de persoas que acudiron este verán na procura de información á Oficina de Turismo de Cedeira foi máis dun 70% superior ao do ano pasado, situándose xa en cifras moi similares ás de antes da pandemia. Só contando o rexistro dos meses centrais de xullo e agosto, máis de 4.240 turistas pasaron polo mostrador do Palacete Municipal.

Iso si, variou o perfil, que desta volta foi nun 95% de turismo nacional e só nun 5% formado por visitantes procedentes do estranxeiro. A Covid-19, tal como destacou a concelleira de Turismo,

Carmela Prieto, trouxo ata a vila a moitas familias e grupos procedentes doutros puntos de Galicia e doutras comunidades, como Madrid, Cataluña, o País Vasco e Castela-León, que contribuíron de xeito importante a dinamizar a economía da vila, especialmente no sector da hostalería e a restauración.

Propostas como os roteiros “Descubre Cedeira” e as “Xeorrutas” tiveron de novo un grande éxito este verán. O núcleo de Santo André de Teixido recibiu máis xente ca nunca, segundo os veciños e veciñas que levan alí décadas vendo aos turistas pasar.

A primeira vía ferrata de Galicia estará na Capelada

O concello de Cedeira será o primeiro en Galicia en ter unha vía ferrata, un roteiro que combina o sendeirismo e a escalada poñéndoos ao alcance de persoas non iniciadas. A empresa especializada Tierra&Ferro Mountain Logistics vaise ocupar de habilitar a ruta pola Serra da Capelada, un escenario de atractivo indubidable para quen se anime a probar esta nova oferta de turismo activo ou de aventura. As vías ferrata son itinerarios por paredes verticais ou horizontais, nos que se colocan oportunamente banzos, cravos, grampas, pasamáns, cadeas, pontes ou tirolinas coas que as persoas que realizan a ruta poden progresar, sempre suxeitas cun cable de vida e equipadas co arnés, casco e outros aparellos necesarios. É unha instalación que gaña simpatizantes cada día e que sen dúbida levará a moita xente a gozar de Cedeira dunha forma diferente.

En marcha a recuperación das cetarias do Sarridal



Foi un empeño do goberno local de Cedeira, desde o anterior mandato, sacar do caixón o proxecto de recuperación das vellas cetarias do Sarridal. Por fin están xa en marcha as obras, que executa o Ministerio de Transición Ecolóxica cun investimento de 340.600€ e coa previsión de telas rematadas a comezos do vindeiro ano.

A intervención consiste na adecuación duns accesos que permitirán achegarse ata as antigas piscinas e tamén desde un miradoiro no alto do cantil, no que haberá paneis informativos para comprender como funcionaban e como se traballaba en ditas estruturas.

O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, acompañou recentemente ao xefe da Demarcación de Costas, Rafael Eimil, nunha visita ás obras na que o responsable dixo que a rehabilitación da praia da Madalena estará en marcha tamén para mediados do vindeiro ano. Moreda Gil salientou a importancia de poñer en valor un elemento tan particular do patrimonio cedeirés, e destacou que as cetarias suman un atractivo máis na punta do Sarridal, na que están o xacemento arqueolóxico, o Castelo da Concepción e a praia das Sonreiras. “Este lugar ten unha concentración única de elementos de interese turístico e patrimonial do que temos que estar orgullosos”, dixo.

Proxectos de enerxías limpas con fondos Next Generation



O goberno local de Cedeira acaba de presentar tres proxectos ao programa DUS 5000, que o Estado desenvolve con financiamento dos fondos Next Generation e que vai dirixido a impulsar as enerxías limpas no mundo rural. Son tres iniciativas “das que cambian un municipio”, segundo destacou o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, e entre as tres suman un orzamento de máis de 2,3 millóns de euros.

Os tres proxectos que Cedeira acaba de presentar ao programa son “Cedeira fotovoltaica”, valorado en 286.532€; “Auditorio Sostible”, cun orzamento de 643.101€, e “Cedeira Peonil”, que ascende a 1.277.790€. O primeiro deles podería recibir axudas por valor dun 71% do orzamento, mentres que os outros dous son susceptibles de obter o 100% do financiamento dos fondos europeos para a recuperación económica.

A aposta por poñer en valor o perfil mariñeiro da vila



O Concello de Cedeira está a facer desde hai anos unha aposta decidida por reivindicar e poñer en valor o perfil mariñeiro da vila. A través de diferentes proxectos que se desenvolven ao abrigo do GALP A Mariña Ortegal, estase a traballar para impulsar o sector pesqueiro e marisqueiro como actividade económica e tamén como activo turístico. Así, ao tempo que se desenvolven outras iniciativas, como *Cedeixura*, que lidera a Confraría, ou *EmprendePesca*, no que colaboran os concellos de Cariño e Valdoviño, o Concello de Cedeira ten xa previsto poñer en marcha outras dúas. Unha delas é *Cedeira Mar*, cun orzamento de 81.000€, co que se desenvolverán obradoiros para escolares e o público en xeral nos que se dará a coñecer a importancia da pesca e o marisqueo. O outro leva por título *Cedeira Mariñeira* e está dotado con 44.528€, que se investirán na creación duns roteiros para a posta en valor da cultura ligada ao mar.

Financiamento para o plan do proxecto de Xeoparque



O Plan de Sostenibilidade Turística en Destino do proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal vai recibir o impulso dos fondos Next Generation, segundo o recente acordo acadado entre o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia. Desde o Concello de Cedeira, o alcalde Pablo Diego Moreda Gil subliñou que é unha moi boa noticia que o do Xeoparque estea entre os proxectos seleccionados, xa que significa ter o respaldo económico preciso para desenvolver a estratexia xa definida, que repercutirá de xeito moi importante tanto no impulso turístico como no desenvolvemento do territorio.

Aceleramos o paso para mellorar infraestruturas e equipamentos

O Concello de Cedeira tiña un capítulo de investimentos para este exercicio de 2021 dotado con 1,1 millóns de euros, que afortunadamente puido incrementarse ata chegar case a 1,7 millóns despois de sumar os remanentes do ano anterior. Así, o goberno local foi quen de acelerar nos últimos meses o ritmo das obras e, en definitiva, de facer melloras que afectan a infraestruturas e servizos.

Rehabilitación de pavimento na praza Roxa



No pasado mes de setembro comezaron as obras de rehabilitación estrutural e do pavimento da praza Roxa, adjudicadas por 110.000€. Esta actuación garantirá unha solución duradeira para o firme deste espazo, un lugar central para a convivencia e o tempo de lecer da veciñanza cedeiresa. Así, estase a colocar unha malla que evitará que no futuro o crecemento das raíces levante o novo pavimento, como sucedeu co anterior.

Construción dun skate bowl e dunha tirolina

Están tamén en construción o skate bowl -unha especie de bañeira para a práctica da monopatinaxe- e unha tirolina no parque do Camiño Real. O contrato, adjudicado por preto de 121.000€, vai ofrecer novos atractivos para a mocidade nesta zona próxima á praia da Madalena, na que tamén hai xogos infantís e zonas de paseo. As novas instalacións reforzarán o carácter lúdico desta contorna, na que tamén se instalou este verán o novo

Máis de 300.000 euros para a posta ao día das instalacións deportivas

As instalacións deportivas teñen en Cedeira unha intensidade de uso elevada, cousa que celebra o goberno local porque fala do arraigo do deporte na vila. O mantemento e mellora dos equipamentos neste eido é un compromiso permanente.

Proxecto para cambiar o pavimento do Polideportivo



Un dos proxectos máis ambiciosos que o Concello de Cedeira ten entre mans é o do cambio do pavimento e o marcador do Polideportivo. É unha obra valorada en máis de 189.000€ para a que o goberno local espera contar co apoio da Deputación Provincial da Coruña. A actuación consistirá en levantar o parqué actual da pista, colocado directamente sobre o formigón, e instalar outro solo de madeira sobre ristreis cunha capa de impermeabilización. Tamén se cambiará o marcador para adaptalo ás normas dos diferentes deportes que alí se practican.

parque de calistenia, e daranlle maior atractivo como lugar de encontro para familias e persoas de todas as idades.

Paseo Arriba da Ponte

O goberno local contratou tamén recentemente unhas obras de

Sistema de deshumectación na piscina municipal

O Concello acaba de adjudicar a renovación do sistema de deshumectación da piscina municipal por un prezo de 38.280€. Optouse polo cambio, dado que a reparación do actual faría máis custosa a intervención.

Peches das pistas de pádel

Outra contratación que está a piques de se concretar é a do cerramento das pistas de pádel municipais. O Concello destinou un orzamento de 58.887€ a este proxecto, que vai mellorar as instalacións actuais para garantir que as inclemencias meteorolóxicas non impidan xogar.

Arranxos no local social da pista de Carballa

Están en marcha tamén unhas obras no local social anexo á pista deportiva de Carballa, na parroquia de San Xulián de Montoxo, coas que o Concello pretende poñer ao día unhas instalacións moi utilizadas e que se atopaban bastante deterioradas. Destináronse en total máis de 44.000 euros a rehabilitar e acondicionar o interior do local, cambiar a cuberta, as portas, o falso teito e o chan.

pavimentación e instalación da rede de recollida de augas pluviais no paseo Arriba da Ponte. Cun orzamento de 26.347€, estes traballos porán ao día o firme, que presentaba algúns afundimentos, e completará os sumidoiros deste espazo urbano de Cedeira, moi transitado.

Melloras dos camiños municipais en diferentes puntos da zona rural



O Concello ten un compromiso permanente co mantemento dos camiños da súa titularidade. Así, nos últimos meses contratáronse varias intervencións deste tipo. Por un lado, están en marcha as obras de mellora dos accesos aos núcleos rurais de Barral (en Esteiro), Casal de María (en San Román) e Ferreira (Montoxo). En total, este proxecto afecta a 1,6km de viais e está orzamentado en máis de 51.000 euros. Por outra parte, contratouse tamén por un presuposto de máis de 31.000 euros o arranxo dos camiños de Sedeás, Reboredo e A Peroxa. E proximamente sumarase a estes o proxecto de mellora dos camiños que van aos núcleos de vivendas de Santallamar, Corcobelas, Magoira e Os Candales, que tamén suman un percorrido de máis de 1,6km e que ten un orzamento de máis de 41.400 euros.

Reforma integral da praza 18 de Decembro

Unha das obras que se vai acometer proximamente -porque está a punto de ser resolta a contratación- é a reforma integral da praza 18 de Decembro, no casco urbano de Cedeira. Esta é unha intervención que conta cun orzamento de 285.856€ e que vai dirixida a facer deste espazo, moi frecuentado por persoas maiores da nosa veciñanza, un lugar máis abrigado e amable para pasar un tempo de lecer. O proxecto conleva a reordenación dos elementos da praza e a construción dunha pérgola parcialmente pechada e cuberta que protexerá da choiva e do vento esta illa peonil.

Recuperación da antiga fonte da Barca

Unha intervención contratada por 8.467 euros devolveu recentemente a vida a fonte da Barca, na parroquia de San Fiz de Esteiro. Coas obras, avanza un paso máis o plan de recuperación de



fontes e lavadoiros do goberno local, que xa afectou tamén a outras como a do Vilar, a da Area e a fonte Fernando Lago. O goberno está especialmente satisfeito co resultado deste traballo, que pon de novo en pé unha estrutura que permanecía totalmente caída e en desuso.

Reparación e consolidación dos escolares de Saa e Sisalde

Cun orzamento de 73.260 euros, estanse a acometer obras de reparación e consolidación nos dous antigos escolares de Saa e Sisalde, construcións que foron levantadas hai case un século pola emigración

cedeiresa e que son testemuñas do esforzo que aqueles homes e mulleres fixeron por mellorar a calidade de vida na súa vila. Con anterioridade, o goberno municipal acometera obras de pintura no exterior e, desta volta, os traballos van resolver problemas de humidade que causou a deterioración de elementos estruturais destes inmobles.

Tractor desbrozador

A incorporación dos remanentes do ano pasado permitiu ao goberno local tramitar un concurso para mercar un novo tractor con brazo desbrozador. A licitación, cun presuposto de 100.000€, está a piques de se resolver e servirá para incorporar un novo vehículo deste tipo aos dous que xa había no parque municipal, para facilitar a limpeza dos 270 quilómetros de rúas e camiños que o Concello ten que manter. Cómpre recordar que durante o pasado verán foi preciso acudir a dúas empresas externas para desbrozar camiños.

Beirarrúas en avenida de España e catro rúas máis

Entre os proxectos que se van a acometer pronto, e cuxa tramitación xa está avanzada por parte do goberno local, está o de "Mellora das beirarrúas na avenida de España e as rúas Ponte Nova, José Pascual López Cor, Salinas e Camiño da Pitilleira". En total, vanse renovar as marxes peonís de cinco viais no casco urbano, sumando máis de 1,2km de percorrido.

Saneamento na rúa Amor Hermoso



Tamén no casco urbano, avanza as obras de saneamento na rúa Amor Hermoso -na imaxe-, adxudicadas por 26.138€. Os traballos van dotar de rede separativa o tramo de vivendas entre os números 2 e 14 de dito vial.

Nova compra de terreo para ampliar o Centro de Saúde

O Sergas acaba de publicar o seu novo Plan de infraestruturas, no que califica como “urxente” a ampliación do Centro de Saúde de Cedeira. Así, confirmase a prioridade desta actuación, cuxo inicio debería ser o vindeiro ano. Ata chegar a este punto, o Concello foi dando pasos para ter todo listo cara á sinatura do convenio de cesión dos espazos necesarios. O último e máis recente, a compra da parcela propiedade da Confraría de Pescadores por un importe de 74.312,28€, un acordo que foi ratificado xa polo pleno.

É a segunda parcela que o Concello compra para facer posible a ampliación do Centro de Saúde, despois de que no ano 2019 levara adiante a adquisición de varios pisos do número 7 da mesma rúa Ortigueira, por máis de 60.000€. Máis recentemente, o goberno que preside Pablo Diego Moreda contratou a redacción da modificación puntual do PXOM que é precisa para levar a cabo



a ampliación. Con todo, o Concello cedeirés ten investido xa máis de 150.000€ na compra de terreos e outros trámites previos ao convenio coa Consellería de Sanidade. Desde o goberno local, o alcalde agradeceu á Confraría de Pescadores, e en particular ao actual e aos anteriores responsables, a súa colaboración.

Novos achados redobran o interese do Castro Sarridal

De novo este verán retomáronse as escavacións no Castro Sarridal, desta volta con tres campañas arqueolóxicas que deixaron novos e interesantes achados. Así, apareceron nas inmediacións do lugar no que se atopara a pedra formosa os restos da planta dun templo tardoantigo, de cabeceira absidal. A descuberta revela que a zona estivo habitada polo menos oito séculos, desde a época castrexa -á que corresponde a pedra formosa datada no século III a.C.-, ata o final da romana e a chegada dos visigodos e á cristianización, a comezos do V d.C., coa que coincide o devandito templo.

A empresa AXA Arqueoloxía ocupouse este verán dunha primeira campaña



de escavación, que financiou o Concello de Cedeira, e da seguinte de consolidación dos achados, custeada por Patrimonio. Excepcionalmente, este ano foi posible levar adiante outra intervención máis en outubro, cunha subvención que o Concello xestionara diante da Xunta.

Concello e dirección do Nicolás do Río suman forzas

O espírito de colaboración e a arela de mellorar as condicións educativas fixeron que o goberno local de Cedeira e a dirección do CEIP Nicolás do Río chegasen a un acordo, este verán, para asumir a partes iguais a renovación do chan de caucho do patio dos nenos e nenas de Infantil. A obra tivo un custo duns 22.000€ e estaba lista para o comezo do curso. O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, celebrou que as dúas partes concorden para traballar pola mellora da dotación no ensino público.

Por outra banda, o goberno local artellou un novo programa de axudas para dotar de material informático ao alumnado de Cedeira e axudar a aquel con menos recursos, que na pandemia tivo dificultades para manter o ritmo. O Concello adicou 18.000€ ao programa, que puxo na man de 49 estudantes, desde o nivel de Infantil ata FP ou universidade, outros tantos ordenadores.



“Cedeira Informa”,
un servizo municipal



Cedeira Informa é un servizo, vía WhatsApp, para manter informada a cidadanía das novidades da axenda municipal. Para recibir mensaxes hai que gardar na lista de contactos o número 604.024.266 co nome “Cedeira Informa” e enviar a mensaxe “alta información Concello de Cedeira”. A continuación, ao teléfono da persoa solicitante chegará unha confirmación de alta no servizo e comezará a recibir as novas.

En defensa dos dereitos LGTBI

A corporación de Cedeira expresou o compromiso firme e unánime do Concello “coa igualdade, os dereitos das persoas LGTBI e a erradicación de calquera tipo de violencia cara a este colectivo”, ao tempo que se sumou á declaración da Deputación a raíz do crime contra Samuel Luiz. Nela condénanse e rexéitanse “os discursos que pola súa natureza ou contido alentan a discriminación por razón de sexo, xénero, raza, procedencia, etnia, posición social etc. e que poden contribuir á xustificación de actitudes sexistas, homófobas, xenófobas etc.

Entidades Locais pola Lingua Galega

O Concello aprobou a súa adhesión á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, cuxo obxectivo é promover a colaboración para potenciar o emprego do galego. A través do traballo coa entidade, o goberno local quere avanzar nesa liña.

Máis flexibilidade na pesca deportiva

O Concello aprobou unha moción instando á Xunta a flexibilizar as condicións da práctica da pesca deportiva na vila. Concretamente, pídesse a ampliación da zona permitida, argumentando que a pesca deportiva e profesional conviviron sempre sen problema na vila e que a liña marcada agora supón máis ben un perigo polo tránsito rodado. Reclámase tamén a ampliación do número de menores que poden ir pescar cunha persoa adulta.

Apoio ao plantel da fábrica de Vestas

O pleno rexeitou de forma unánime o anuncio de peche da fábrica de Vestas en Viveiro e o seu apoio ás accións reivindicativas dos traballadores e traballadoras. O alcalde e outros representantes do goberno local reuníronse con parte dos afectados, veciños e veciñas da vila, para expresarlles a súa adhesión á defensa da industria da Mariña.

Un plan para a igualdade entre mulleres e homes

O pleno da corporación cedeiresa aprobou por unanimidade o I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, unha ferramenta que tal como explicou a concelleira Carmela Prieto, “vai servir para avanzar cara a unha equidade de xénero real e efectiva”. O plan é moito máis que papel. Nel plásmanse 49 accións a desenvolver de aquí ao ano 2024 nos eidos da administración municipal, a educación e a mocidade, o benestar social, a conciliación e corresponsabilidade, a participación social, a cultura, o deporte e a prevención e atención integral da violencia machista.

Desde o goberno local de Cedeira calificouse o Plan de igualdade como un dos logros máis importantes deste mandato e recordaron o seu compromiso, máis aló das execucións orzamentarias, cos valores. A concelleira Carmela Prieto agradeceu

a colaboración de todas as persoas e colectivos de Cedeira que traballaron na elaboración deste plan, que desde o primeiro momento se definiu como participativo e aberto.

Así, celebráronse moitas reunións con grupos políticos, tecido asociativo, comunidade educativa e tamén coas veciñas que quixeron achegar as súas propostas. Fíxose unha primeira fase de diagnóstico, para coñecer a situación do municipio en materia de igualdade, e desenvolvéronse despois as propostas que se convertiron no programa de traballo. A aprobación por parte do pleno culminou unha tarefa, que comezara xa no anterior mandato, e inicia outra. Tal como establece o plan, o Concello de Cedeira conta agora cunha comisión permanente para garantir a posta en marcha das accións e celebraranse reunións como mínimo cada seis meses para verificar os avances.

As terapias de AFAL, máis demandadas tras a Covid

A edil de Servizos Sociais, Malena Pérez, felicitou a asociación AFAL Ferrolterra pola profesionalidade e o cariño co que desenvolve os seus talleres de estimulación cognitiva na vila de Cedeira. A edil explicou que tras os confinamentos impostos pola pandemia, multiplicouse na vila a demanda destas terapias, de maneira que antes se desenvolvían dous días á semana e actualmente estanse a ofrecer diariamente, de luns a venres. A través do convenio que mantén con AFAL, a administración local sufraga os talleres dous días á semana. Porén, desde Servizos Sociais apóiase ás familias na tramitación de axudas para pagar o resto dos días. Actualmente son dez as persoas que acoden ás terapias, nas que hai prazas dispoñibles.



Por outra banda, os Servizos Sociais de Cedeira mercaron este verán seis novas camas xeriátricas para prestar de xeito indefinido a persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar. O goberno local foi aumentando nestes anos a súa dotación neste eido, de xeito que actualmente son xa 30 camas xeriátricas e 12 guindastres as que ten repartidas en diferentes domicilios.

O Concello exporá a colección de historia local de Rafael Usero



Rafael Usero González reconece, con 80 anos cumpridos, que xa nin recorda cando comezou a interesarse pola historia. Particularmente pola do máis inmediato, a súa vila. Pero o certo é que o cronista oficial de Cedeira sentiu desde ben pequeno o dezo de rastrexar o pasado e que, durante os anos de profesor no IES Punta Candieira, contaxiouno ao seu alumnado e a toda a veciñanza da localidade, xa que foron moitas as persoas que acudiron a el para levarlle obxectos e comentarlle todo tipo de achados.



“Poñíame eu en contacto con uns e con outros, ou viña a xente traerme cousas”, explica. O caso é que ás mans do cronista foron parar multitude de obxectos do pasado de Cedeira e que era o seu desexo, expresado en repetidas ocasións ao longo das últimas décadas, que o Concello asumise a súa propiedade e crease con eles unha exposición permanente. O actual goberno municipal levou por fin ao pleno a proposta de aceptar a doazón do cronista oficial para facer realidade ese cobizado museo de historia local. “Estou relativamente contento”, reconeceu Rafael Usero despois de que a corporación apoiase por unanimidade a proposta. “Os primeiros pasos xa están dados”, concedeu.

Segundo establece a normativa referente a patrimonio, o Concello de Cedeira terá que ocuparse, unha

vez que se asine o acordo de cesión da colección de Rafael Usero, de facer una catalogación detallada de cada obxecto. Aínda que todos son elementos xa estudados polo profesor, é obriga da administración local facer inventario concretando o valor artístico ou histórico de cada un, de cara á apertura dunha exposición permanente.

O cronista oficial destaca o interese dos machados da época prehistórica

Rafael Usero explica que na súa colección destacan, polo seu interese, un conxunto de machados prehistóricos. “Son pezas da Idade

Neolítica que chegaron a min polos alumnos”, explica o investigador. Eran obxectos aos que a xente lles atribuíu propiedades máxicas e que, seguramente por esa razón, sobreviviron nas casas. Tamén forma parte do conxunto o frontal dun retablo de 1718 da igrexa de San Román de Montoxo, “que se non ten valor artístico, polo menos si que o ten anecdótico”, comenta.

Todos os grupos políticos de Cedeira expresaron o seu agradecemento a Rafael Usero, no pleno no que se aprobou aceptar a doazón, por unha vida de estudo que se plasmou na publicación de innumerables artigos e varios libros, entre eles *El Santuario de San Andrés de Teixido*. Xunto cos seus escritos, o cronista oficial lega ás futuras xeracións unha colección de obxectos na que pescudar o pasado da vila mariñeira.